

NOME DA ACTIVIDADE

- **Oferta de emprego**

TIPO DE ACTIVIDADE

- **ACTIVIDADE DE EXPRESIÓN ORAL E COMUNICACIÓN**

NIVEL

- **B1**

PARTICIPACIÓN NA ACTIVIDADE

- **INDIVIDUAL E EN PARELLAS**

DURACIÓN

- **ENTRE 20 E 40 MINUTOS**

CONTIDOS QUE SE TRABALLAN

- Comunicación por medio de preguntas e respostas.
- Léxico específico.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

- Que o alumnado adquira maiores destrezas na comunicación oral.
- Que o alumnado adquira destrezas para o diálogo entre dúas persoas.

ORIENTACIÓNS E CUESTIÓNS QUE CÓMPRE TER EN CONTA

- Cómpren 2 fichas para cada participante pero debe quedar claro que unha é para facer a entrevista como empresario e a outra como persoa que busca o emprego...
- Tamén se pode aproveitar esta actividade para outra como é que cada un faga o seu propio anuncio de empresa buscando persoal para poñer no xornal.

DESENVOLVEMENTO DA ACTIVIDADE

Nas seguintes fichas podemos observar que unha empresa busca unha persoa para desenvolver o posto de vendedora, cada participante debe preparar unha entrevista persoal seguindo a información dunha das fichas; nunha desenvolverá o papel de empresaria e na outra a persoa que busca emprego. Para calquera dos dous roles que hai que cubrir débese ter en conta a información de cada respectivo anuncio.

Podemos darlle as dúas fichas pero que quede claro cal é para cada un segundo sexa a persoa entrevistada ou empresaria.

Fichas

IMPORTANTE EMPRESA NACIONAL DE SERVIZOS RELACIONADA CO
SECTOR ECONÓMICO FINANCIERO NECESITA

-----2-----

VENDEDORES/AS

Requírese:

- Experiencia en vendas de servizo.
- Capacidade de traballo e gañas de superación.

Ofrécese:

- Integrarse na primeira empresa do sector.
- Incorporación inmediata.
- Ingresos estimados superiores a 1.200 € entre fixo e comisións.
- Posibilidade de ser nomeada xefe de vendas a curto prazo.

Interesados, chamar para entrevista persoal ao teléfono 00/ 123 32 10

GRUPO PÁNDIGO

PRECISA PARA O SEU DEPARTAMENTO DE MANIPULADOS

VENDEDORES/AS

Requírese:

- Nivel cultural alto.
- Permiso de conducir.
- Vehículo propio.
- Servizo militar cumprido.
- Idade entre 25 e 30 anos.
- Dedicación exclusiva.
- Residencia en Compostela.
- Valorarase o dominio de inglés.

Ofrecemos:

- Ingresos brutos anuais de aproximadamente 13.200 € (fixo 9.000 “ máis comisións e incentivos ao acadar obxectivos anuais).
- Inclusión no cadro de persoal.
- Gastos de viaxe a cargo da empresa.